



Dédalus en Compostela

Vicente Risco

Dedalus in Compostela

Aus dem Galicischen von Katharina Diestelmeier

Xunta de Galicia

Fundación Vicente Risco



*Edita: **Fundación Vicente Risco***

*Dep. Legal: **OU 115-2010***

*Deseño e maquetación: **visualq.***

*Imprime: **C.A. Gráfica***

*Portada: **Xosé Conde Corbal***

Dédalus en Compostela

Vicente Risco

Dedalus in Compostela

Tradución ó alemán por (Aus dem Galicischen von): Katharina Diestelmeier

Dédalus en Compostela

(*Pseudoparáfrase*)

O que vou referir aconteceu como volo conto nunca mañá de seca-fría, quinta-feira, día da Ascensión do Noso Señor do ano de 1926 da Era Cristiá, cento e vinte anos despois da invención do Corpo do Santo Apóstolo Sant Iago Zebedeo, e sendo o autor deste escrito de corenta e un anos.

Día nebracento e fresqueiro, con moito gando en Santa Susana, e rapazas de trenza cunha lazada no cabo andando polas rúas de tenda en tenda.

Foi a segunda vez que atopei a Stephen Dédalus. El xa estivera aquel inverno no meu despacho de Ourense, Santo Domingo, 47-2º, en corpo e alma, coa súa barbiña e os seus anteollos, e a solapa do sobretodo subida, con chapeu negro, e dun xeito que semellaba que ía enloitado, sen estalo... O certo, para contar verdade, é que esta súa presenza colleu realidade no terceiro mundo dos tres mundos interiores de cada home, a saber: Mundo sensíbel, Mundo intelixíbel, Mundo maquinábel (segundo algúns: previsíbel), triplo, micro e quizais non macrocosmos – polo menos así pensaba eu daquela –; mais para o caso disto escribir, tanto ten, ademais de que sempre será unha caste coñecida e non nova de realidade do terceiro mundo... Ocupada a mesa de braseiro polos que xogaban o *mahjongg*, cómplices meus no pecado de orientalismo, Stephen Dédalus acomodouse na gran mesa Biedermeier, collida dun modelo alemán, e acugulada de libros, revistas, brochuras, papeis, cartas, tarxetas, secantes, cabichas e un dobre decímetro que serve para pór a escala as plantas das igrexas románicas. Soamente que cando estivo na miña casa, tiña Stephen corenta e tres anos ben cumpridos, e cando o atopei en Sant Iago algún tempo despois, tiña dezanove anos, misterio que ben puidera enxergar sen botar contas sobre a relación matemática dos anos de Stephen Dédalus cos anos de Leopoldo Bloom; abonda con pórse na realidade das cousas e xa está, porque resulta probado que non soamente unha reversión do tempo é teoricamente posíbel na física matemática, senón que de certo unha tal reversión acontece realmente no soño, de onde se deduce que o espírito pode ler no libro do tempo para atrás ou para adiante, tal e como se len as escrituras arias, ou tal como se len as escrituras semíticas, sen que o escrito perda a súa significación, aínda que quizais o misterio do acontecer se puxera claro para aquel que soubera ler de enriba para abaixo, como se len as escrituras mongólicas.

Tampouco penso eu que sexa estraño atopar con Stephen en Compostela, onde poida que haxa máis dun.

Dedalus in Compostela

(*Pseudoparaphrase*)

Wovon ich hier berichten will, geschah so, wie ich es erzähle, an einem nebligen, kalten Morgen, einem Donnerstag, Christi Himmelfahrt des Jahres 1926 christlicher Zeitrechnung, hundertzwanzig Jahre nach der Auffindung des Leichnams des heiligen Apostels Jakobus, Sohn des Zebedäus, als der Verfasser dieser Zeilen einundvierzig Jahre alt war.

Ein nebliger und kühler Tag mit viel Vieh auf dem Jahrmarkt in der Carballeira de Santa Susana und Mädchen mit Schleifen in den Zöpfen, die auf den Straßen von Geschäft zu Geschäft schlenderten.

Es war das zweite Mal, dass ich Stephen Dedalus traf. Er war bereits im vergangenen Winter leibhaftig in meinem Büro im zweiten Obergeschoss der Rúa Santo Domingo 47 in Ourense gewesen, mit seinem Bärtchen und seiner Brille, das Revers des Überziehers hochgeschlagen, mit schwarzem Hut und auf eine Art, als trüge er Trauer, ohne dass dem so war... Offen gestanden nahm seine Anwesenheit in Wirklichkeit in der dritten Welt der drei Innenwelten jedes Menschen Gestalt an, die da sind: die wahrnehmbare Welt, die verständliche Welt, die imaginäre (oder, wie manche glauben, vorhersehbare) Welt, dreifacher Mikro eher denn Makrokosmos – zumindest dachte ich damals so –; aber für die vorliegende Erzählung ist das nicht weiter von Belang, es handelt sich auf jeden Fall um eine bekannte und keine neue Art von Realität in der dritten Welt... Da der kleine Tisch von den *Mah-Jongg*-Spielern besetzt war – sie waren wie ich dem Laster des Orientalismus verfallen –, ließ sich Stephen Dedalus an dem großen Biedermeiertisch nieder, der einem deutschen Modell nachempfunden war und überquoll vor Büchern, Zeitschriften, Broschüren, Papier, Bulletins, Briefen, Karten, Löschblättern, Zigarettenkippen und einem doppelten Dezimetermaß, das dazu dient, maßstabgerechte Grundrisse romanischer Kirchen zu zeichnen. Nur dass Stephen, als er mich zu Hause besuchte, gut dreiundvierzig Jahre alt war, und als ich ihn wenig später in Santiago traf, neunzehn – ein Rätsel, mit dem man sich befassen kann, ohne das mathematische Verhältnis zwischen Stephen Dedalus' Alter und Leopold Blooms Alter zu berücksichtigen; es genügt, sich in die Realität der Dinge zu versetzen, weiter nichts, denn es ist bewiesen, dass eine Umkehrung der Zeit nicht nur in der mathematischen Physik theoretisch möglich ist, sondern dass eine solche Umkehrung im Traum natürlich tatsächlich stattfindet, woraus sich schließen lässt, dass der Geist im Buch der Zeit rückwärts wie vorwärts lesen kann, so, wie die arischen Schriften gelesen werden, oder so, wie die semitischen Schriften gelesen werden, ohne dass das Geschriebene seine Bedeutung verliert, wiewohl sich das Rätsel dieses Vorkommnisses vielleicht jenem erschließen mag, der von oben nach unten lesen kann, wie es die mongolischen Schriften erfordern.

Ebensowenig denke ich, dass es eigenartig ist, Stephen in Compostela begegnet zu sein, wo es möglicherweise mehr als einen gibt.

O caso foi coma vou referir: saín eu dunha tenda de ultramarinos da Azabachería, toda chea de latas ordenadas coma os libros dunha biblioteca. A semellanza non está soamente na ordenación en alzadeiros: está máis aínda en que as latas coas súas etiquetas e rótulos e co que levan dentro, teñen algo de libros de Historia Natural, onde a Natureza está tan morta coma nas latas e nos cadros de moitos pintores, tanto dos que pintan naturezas mortas, coma dos que pintan naturezas vivas que saen mortas. Dei a volta pola Praza do Pan, onde Cervantes, seccionado e estilista, está no medio da fonte, obxecto de arte propio para premio de Certame Literario, se non fora o custe do carrito, e tomei polo Preguntoiro, e despois dunha pousa no 32, tenda de óptica, baixei pola Calderería, e logo por Tras de Salomé á Rúa Nova. Pasei o Pórtico de Salomé, sacando o chapéu ao pasar diante da porta, e na librería do lado estaba Stephen.

Hora e media andamos en amor e compañía por baixo dos arcos da Rúa Nova, daquela desertos e doados para que o espírito camiñe máis do que camiñan os pés, para deixalo voar coma un papaventos, sempre un tendo man da corda, sen frear de máis.

Tristeiro coma decote, Stephen falaba: e eu falaba con el, sen medo ningún, e vou pór aquí a nosa conversa para instrución de escarriados.

E dixo Stephen Dédalus:

— Xa sei que non te estraña o verme aquí. Comprendes que eu sexa o último romeiro de Sant Iago. Arelo que o meu corpo descansa a carón do Apóstolo, porque ben visto, xa pouco me queda por facer no mundo, máis que morrer, e morrerei aquí, coma Gaíferos de Mormaltán, ou coma Guillaume de Aquitania. Quero descansar na vosa cova, ser enterrado aquí convosco e coa vosa alma. De aquí para diante, xa non virán máis que turistas: o tempo dos peregrinos pasou para sempre. Eu quero ser o derradeiro.

E dixen eu:

— Quero que me expliques tres cousas: primeira, por que, sendo así que ti andas polo mundo fuxindo da Cruz, vés aquí na procura da sombra do Santuario. Segunda, por que, se procuras o Santuario non o procuras na túa terra. Terceira, por que, se foxes dos homes da túa raza, vés aquí, entre os homes da túa raza.

Dixo Stephen Dédalus:

— Cada unha das tres preguntas que me fas contén ademais un suposto, e a pregunta pende dese suposto, porque pensas que hai contradición entre ese suposto e a miña conduta. Na primeira pregunta, o suposto é certo e verdadeiro. Eu ando polo mundo fuxindo da Cruz: nin na vida nin na morte quero ser da Santa Compañía.

Dixen eu:

— Iso proba que ti sabes ben o que representa o misterio da Santa Compañía, que non é máis que a Igrexa Padecente que se fai visíbel para as almas perdidas de todo, o cal até certo punto vén a ser equivalente. Mais daquela, debes saber tamén, porque se cho non deprende a sinxeleza, deprenderíacho a picardía, que cando un camiñante se atopa coa Santa Compañía, para que non lle metan a Cruz, abre os brazos en cruz, e berra: “Esta é a miña Cruz!”

Dixo Stephen Dédalus:

— Nin sequera me cómpre abrir os brazos: eu son a miña Cruz. Eu son a miña penitencia, a miña pena, o meu castigo, o meu verdugo, a miña condenación.

Es geschah, wie ich im Folgenden berichten werde: Ich verließ in der Rúa da Azabachería ein Kolonialwarengeschäft voller Konservendosen, die aufgereiht waren wie Bücher in einer Bibliothek. Die Ähnlichkeit beschränkt sich nicht auf die Aufreihung in Regalen; sie besteht vielmehr darin, dass die Dosen mit ihren Etiketten und Aufschriften und mit ihrem Inhalt etwas von naturgeschichtlichen Abhandlungen haben, in denen die Natur so tot ist wie in den Dosen und den Gemälden vieler Maler - sowohl jener, die Stillleben, also tote Natur malen, wie jener, die lebendige Natur malen, die ihnen tot gerät. Ich ging eine Runde über die Praza do Pan, wo Cervantes, ein durchgeschnittener Stilist, mitten auf einem Brunnen hockt, ein Kunstwerk, das einem Literaturpreis würdig wäre, wenn der Transport nicht so teuer käme, und bog in die Rúa do Preguntoiro ein. Nach einem Halt bei Haus Nummer 32, Erdgeschoss, einem Optiker, ging ich die Rúa da Calderería hinunter und schließlich durch die Rúa de Tras de Salomé bis in die Rúa Nova. Ich durchquerte den Portikus der Kirche Santa María Salomé, wobei ich vor der Tür den Hut zog, und in der Buchhandlung nebenan war Stephen.

Anderthalb Stunden spazierten wir einträchtig unter den Arkaden der Rúa Nova entlang, die zu jener Zeit menschenleer waren und geeignet, den Geist weiter wandern zu lassen als die Füße, ihn fliegen zu lassen wie einen Drachen, immer eine Hand an der Schnur, ohne zu sehr daran zu ziehen.

Stephen sprach trübsinnig wie immer und ich sprach mit ihm, ganz ohne Angst. Hier folgt unser Gespräch zur Unterweisung aller Verirrten.

Stephen Dedalus sagte:

„Ich weiß, es wundert dich nicht, mich hier zu sehen. Dir ist klar, dass ich womöglich der letzte Jakobspilger bin. Ich wünsche mir, dass mein Leichnam neben dem Apostel ruht, denn nüchtern betrachtet bleibt mir in dieser Welt nicht mehr viel zu tun, nicht viel mehr, als zu sterben, und ich werde hier sterben wie Gaiferos de Mormaltán oder Wilhelm von Aquitanien. Ich möchte in eurer Gruft ruhen, hier mit euch und eurer Seele begraben sein. Von jetzt an werden nur noch Touristen herkommen; die Zeit der Pilger ist für immer vorbei. Ich möchte der letzte sein.“

Und ich sagte:

„Bitte erkläre mir drei Dinge: Erstens, warum du, der du die Welt durchreist auf der Flucht vor dem Kreuz, hierherkommst auf der Suche nach dem Schatten des Heiligtums. Zweitens, warum du, wenn du auf der Suche nach dem Heiligtum bist, dieses nicht in deinem eigenen Land suchst. Drittens, warum du, der du vor den Menschen deines Volkes fliehst, hierherkommst, zu den Menschen deines Volkes.“

Stephen Dedalus sagte:

„Jede dieser drei Fragen, die du mir stellst, beinhaltet eine Annahme, und die Frage wird von dieser Annahme bedingt, denn du glaubst, dass ein Widerspruch zwischen der Annahme und meinem Verhalten besteht. In der ersten Frage ist die Annahme richtig und wahr. Ich durchreise die Welt auf der Flucht vor dem Kreuz: Weder im Leben noch im Tod will ich Teil der Santa Compañía sein.“

Ich sagte:

„Das zeigt, dass du genau weißt, was es mit der Santa Compañía auf sich hat, die nichts weiter ist als die Leidende Kirche, die sich den vollkommen verlorenen Seelen zu erkennen gibt, was bis zu einem gewissen Grad das Gleiche ist. Aber dann weißt du sicher auch - denn wenn es dich nicht die Arglosigkeit gelehrt hat, dann sicherlich die Gerissenheit -, dass ein Wanderer, der der Santa Compañía begegnet und vermeiden will, dass ihm das Kreuz übergeben wird, die Arme seitlich ausstreckt und ruft: ‚Dies ist mein Kreuz!‘“

Stephen Dedalus sagte:

„Ich muss noch nicht einmal die Arme ausstrecken: Ich selbst bin mein Kreuz. Ich bin meine Buße, meine Pein, meine Strafe, meine Geißel, meine Verdammnis.“

Dixen eu:

— Distingamos: cando un anda coa Cruz, devece o corpo e esmorece a alma, mais sálvase o home. Que xa sabes que o home real e verdadeiro non é o corpo só nin a alma soa, senón o composto de alma e corpo, e por iso é polo que está disposta a resurrección da carne.

Dixo Stephen Dédalus:

— Ben sei. Mais atrás da Cruz anda sempre o demo. Ao fillo do ladrón de Armen-teira, cando foi restituír a Cruz que roubara o pai, e lle fallaban as forzas no camiño, o demo axudouno até que deixou a Cruz na igrexa, mais tan logo como a restituíu, levouno o demo... Mais se eu son a miña Cruz, como me hei arredar dela para que me leve o demo?

Dixen eu:

— Cando un home, por levar con el cruces ou reliquias, non pode entrar no inferno, anda á procura dunha alma caritativa que lle tire a Cruz que leva.

Dixo Stephen Dédalus:

— Mais eu, o único bendito que levo comigo é o meu sangue celta. Namentres non me tiren o meu sangue celta, non me poderei arredar da Cruz; non meu sangue está a miña Cruz, e namentres a miña vontade renega da Cruz, o meu sangue vai cara ela, e coa dela como a seiva dunha árbore decotada na forza da vida en primavera: porque a nosa raza é tamén unha árbore decotada, é tamén un Cristo encravado na Cruz a deitar sangue; baixo das aguias a nosa raza é a viva imaxe de Cristo crucificado. Aquí tes a solución do primeiro dos tres problemas que me puxeches: eu ando polo mundo fuxindo da Cruz, sen que o meu sangue me permita arredar dela, senón que constantemente turra de min cara ao Santuario. Velaquí a primeira razón, que é a razón psicolóxica; mais hai aínda outra razón que é a razón metafísica: xa o dito vulgar, que citei antes, respondendo o teu segundo argumento, dinos que atrás da Cruz anda sempre o demo. En efecto, o demo non se pode arredar endexamais completamente de Deus, por máis que queira. O demo ten a vontade arredada do seu ser; a súa vontade é a que está no inferno... Pois ben, así como o demo non se pode arredar enteiramente de Deus, así eu, que son do demo, non me podo arredar tampouco moito da igrexa. Sinto algo que turra de min cara a ela, cara á liturxia, cara á teoloxía, cara á filosofía escolástica, cara á erudición conventual, cara á disciplina dos claustros: non me podo escapar deste circo máxico, por máis que faga...

Dixen eu:

— A pauliña que leva o demo Satanás é o ser unha criatura de Deus.

Dixo Stephen Dédalus:

— Por iso quere sempre o mal e sempre fai o ben.

Dixen eu:

— Nunca comprendín ben ese dito de Goethe. O que acontece é que o poder do mal é limitado. O foguete foxe da terra até que remata a pólvora da subida.

Stephen Dédalus calou, e eu tamén fiquei calado. Seguimos camiñando cara ao Toural. Na esquina, por fronte ao posto onde venden os xornais, paramos unha miga. Pasaban algúns por baixo dos arcos do cantón, vindo das Huérfanas. Nisto saquei un cigarro e ofrecín outro a Stephen. Non o quixo.

Ich sagte:

„Wir müssen jedoch unterscheiden: Wenn jemand das Kreuz trägt, schwindet der Körper dahin und die Seele erlischt, aber der Mensch wird gerettet. Denn du weißt ja, dass der wahre und wirkliche Mensch weder aus dem Körper allein noch allein aus der Seele besteht, sondern aus beidem zusammen, weshalb auch die Auferstehung des Fleisches verfügt ist.“

Stephen Dedalus sagte:

„Das weiß ich wohl. Aber hinter dem Kreuz geht immer der Teufel. Dem Sohn des Diebes, der das Kreuz zurückgeben wollte, das der Vater aus dem Kloster Armenteira gestohlen hatte, schwanden auf dem Weg die Kräfte. Da half ihm der Teufel, bis das Kreuz wieder in der Kirche war, aber sobald der Sohn es zurückgestellt hatte, nahm der Teufel ihn mit... Wenn ich jedoch selbst mein Kreuz bin, wie kann ich mich von ihm trennen, damit mich der Teufel holt?“

Ich sagte:

„Wenn ein Mensch nicht zur Hölle fahren kann, weil er Kreuze oder Reliquien bei sich führt, macht er sich auf die Suche nach einer barmherzigen Seele, die ihm das Kreuz, das er trägt, abnimmt.“

Stephen Dedalus sagte:

„Aber das einzig Heilige, das ich bei mir trage, ist mein keltisches Blut. Solange man mir nicht mein keltisches Blut nimmt, kann ich mich nicht vom Kreuz trennen; in meinem Blut ist mein Kreuz, und während mein Wille dem Kreuz abschwört, fließt mein Blut darauf zu und sickert aus ihm heraus wie der Saft eines Baumes, der im Frühjahr, in der Blüte seines Lebens, beschnitten wurde. Denn unser Volk ist ebenfalls ein beschnittener Baum, es ist ebenfalls ein Christus, der ans Kreuz geschlagen wurde und verblutet; unter den Adlern ist unser Volk ein lebendiges Abbild des gekreuzigten Christus. Hier hast du die Lösung der ersten der drei Aufgaben, die du mir gestellt hast: Ich reise durch die Welt auf der Flucht vor dem Kreuz, aber mein Blut erlaubt mir nicht, mich von ihm zu trennen, sondern zieht mich unentwegt zum Heiligtum hin. Dies ist der erste Grund, der psychologische; aber es gibt noch einen weiteren Grund, den metaphysischen: Schon die volkstümliche Redensart, die ich vorhin als Erwiderung auf dein zweites Argument zitiert habe, weiß, dass hinter dem Kreuz immer der Teufel geht. Tatsächlich gelingt es dem Teufel niemals, sich völlig von Gott zu trennen, so sehr er es möchte. Der Wille des Teufels ist seiner Existenz entrissen; es ist sein Wille dort in der Hölle... Nun denn, genauso wenig, wie der Teufel sich völlig von Gott trennen kann, kann ich, der ich des Teufels bin, mich von der Kirche trennen. Ich spüre etwas in mir, das mich zu ihr hinzieht, zur Liturgie, zur Theologie, zur Scholastik, zur klösterlichen Gelehrsamkeit, zur Zucht des Klosterlebens: Ich kann diesem magischen Kreis nicht entkommen, so sehr ich es auch versuche...“

Ich sagte:

„Auf Satan, dem Teufel, lastet der Fluch, ein Geschöpf Gottes zu sein.“

Stephen Dedalus sagte:

„Deshalb will er stets das Böse und schafft doch stets das Gute.“

Ich sagte:

„Dieses Goethe-Zitat habe ich nie so recht verstanden. Aber die Macht des Bösen ist begrenzt. Der Feuerwerkskörper flieht die Erde, bis das Pulver, das ihn aufsteigen lässt, verbraucht ist.“

Stephen Dedalus schwieg und ich ebenfalls. Wir gingen weiter auf den Cantón do Toural zu. Vor dem Zeitungskiosk an der Ecke blieben wir einen Moment stehen. Unter den Arkaden der Straße gingen einige Leute vorbei, die aus Richtung des Klosters Las Huérfanas kamen. Ich holte eine Zigarrette heraus und bot Stephen ebenfalls eine an. Er lehnte ab.

— Non se debe fumar. O tabaco é un veneno e o fumar un gasto tonto. Nin se debe fumar, nin beber. Hai que conservar o corpo san e limpo. Debemos combater todas esas feblezas da vontade.

Dixen eu:

— E mais o demo aconsella os vicios.

Dixo el:

— Era noutro tempo, agora xa non. Eu non teño vicios. Para que os quero? Aínda que che pareza mentira, hoxe os homes xa van tendo menos vicios, porque xa non lles fan falla. Atoparás a moitos que non fuman, nin beben viño, e aínda bastantes que non comen carne. Tocante aos outros pecados, has reparar que se dan moito máis en homes de certos anos. A mocidade é moito menos pecadenta do que era no teu tempo... E a cousa explícase ben: o vicio xa non serve para se condenaren os homes. Os de antes, sendo máis fortes e resistentes, aturaban aínda de vellos unha vida de vicio e podían morrer sen arrepentimento; os de agora, que conservan a saúde a poder de réxime dietético, de hixiene e de deporte, poderán facer algúns anos unha mala vida, mais o seu corpo logo cansa, e teñen que vir ás boas. Esta é a razón física. A razón metafísica é que o vicioso, á fin, é un home que acepta os dons de Deus; poderá abusar deles, poderá ser egoísta e desagradecido, poderá ser hipócrita, mais non é soberbio. O soberbio non ten vicios, o soberbio é pulcro e impecábel. Por esta causa, os homes, conforme se vaian afastando de Deus, han ter menos vicios, e por iso ves triunfar as Sociedades de Temperanza e as institucións fomentadoras da moral pública. Xa verás como se ha de prohibir a prostitución, hase perseguir o opio e a morfina e a cocaína, e non ha haber bailes, nin teatros, nin cabarés. Os homes futuros han ser abstemios, vexetarianos, castos, honrados, tolerantes, ben pensados e ben falados, e as mulleres honestas e traballadoras. Han semellar santos e han ser verdadeiros condenados.

Dixen eu:

— Xa din que o Anticristo ha remedar a Cristo.

Dixo el:

— Estamos divagando. Imos á túa segunda pregunta, de por que non procuro o Santuario na miña Terra. Respondo: do mesmo xeito que fuxo da Cruz, fuxo da miña raza. Primeiro, porque a raza é un vencello e eu quero ser libre; segundo, porque a miña raza é a imaxe viva de Cristo e eu quero ser a imaxe do Anticristo. Respondo aínda: do mesmo xeito que fuxo da miña raza, fuxo da miña terra. Primeiro, porque a miña alma afogaba nela...

Atallei eu:

— Iso pásalle a todos os literatoides de provincia. Canto máis pequena é a alma, máis espazo quere.

Dixo el:

— Por certo. Non podo negar que me imito aos literatoides de provincia. Xa sei que é un defecto, unha mágoa. Non sería quen son se non tivera lixo; daquela non podería ter nado muller.

Dixen eu:

— Tamén Maldoror pensaba que era máis ca iso...

„Man soll nicht rauchen. Tabak ist Gift und Rauchen Geldverschwendung. Man sollte weder rauchen noch trinken. Man muss den Körper gesund und rein erhalten. Wir müssen all diese Äußerungen der Willensschwäche bekämpfen.“

Ich sagte:

„Dabei empfiehlt der Teufel die Laster.“

Er sagte:

„Das war früher; jetzt nicht mehr. Ich habe keine Laster. Wozu auch? Es mag dir unglaublich erscheinen, aber heute haben die Menschen immer weniger Laster, weil sie sie nicht mehr nötig haben. Man kann schon viele finden, die weder rauchen noch Wein trinken, und sogar die Zahl derer, die kein Fleisch essen, ist groß. Was andere Sünden angeht, wirst du feststellen, dass sie unter Männern in einem gewissen Alter viel weiter verbreitet sind. Die Jugend ist deutlich weniger sündhaft als noch zu deiner Zeit... Und das lässt sich leicht erklären: Das Laster taugt nicht mehr zur Verdammnis der Menschen. Die Menschen aus früheren Zeiten konnten noch im Alter ein lasterhaftes Leben führen, weil sie kräftiger und widerstandsfähiger waren, und sie starben ohne Reue; die aus heutiger Zeit, die sich ihre Gesundheit mit Hilfe von Diät, Hygiene und Sport erhalten, können vielleicht einige Jahre lang maßlos sein, aber dann ermüdet ihr Körper und sie müssen gesund leben. Das ist der physische Grund. Der metaphysische Grund ist, dass der Lasterhafte letzten Endes ein Mensch ist, der Gottes Gaben akzeptiert; er mag sie missbrauchen, er mag egoistisch und undankbar sein, vielleicht auch heuchlerisch, aber er ist nicht hochmütig. Der Hochmütige hat keine Laster, der Hochmütige ist perfekt und untadelig. Aus diesem Grund haben die Menschen zwangsläufig immer weniger Laster, je weiter sie sich von Gott entfernen, und deshalb kannst du den Triumphzug von Abstinenzvereinen und Einrichtungen zur Förderung der öffentlichen Moral beobachten. Du wirst schon sehen: Irgendwann wird man die Prostitution verbieten, Opium, Morphium und Kokain verbannen, und es wird weder Bälle, Theater noch Kabarets geben. Die Männer der Zukunft werden abstinent, Vegetarier, keusch, ehrbar, tolerant sein und immer nur das Beste denken und sagen, und die Frauen werden sittsam und fleißig sein. Sie werden Heiligen gleichen und wahrhaftige Verdammte sein.“

Ich sagte:

„Es heißt ja auch, dass der Antichrist Christus nachahmen wird.“

Er sagte:

„Aber wir schweifen ab. Lass uns zu deiner zweiten Frage zurückkehren, warum ich das Heiligtum nicht in meinem Land suche. Darauf antworte ich dir: Genau so, wie ich das Kreuz fliehe, fliehe ich mein Volk. Erstens, weil das Volk eine Fessel ist und ich frei sein will; zweitens, weil mein Volk das lebendige Abbild Christi ist und ich das Abbild des Antichrist sein will. Des Weiteren antworte ich: Genau so, wie ich mein Volk fliehe, fliehe ich mein Land. Erstens, weil meine Seele dort erstickte...“

Ich unterbrach ihn:

„So geht es allen Provinzschreiberlingen. Je kleiner die Seele, desto mehr Platz beansprucht sie.“

Er sagte:

„Das stimmt. Ich kann nicht leugnen, dass ich den Provinzschreiberlingen ähnele. Ich weiß, das ist ein Mangel, ein Jammer. Ich wäre nicht der, der ich bin, wenn ich keinen Makel hätte; dann wäre ich nicht von einer Frau geboren worden.“

Ich sagte:

„Auch Maldoror dachte, er sei mehr als das...“

Dixo el:

— Non me poñas en comparanza con aquel pobre home, que segundo o León Bloy, non mereceu ir ao inferno. Eu son outra cousa: de propia vontade, con toda conciencia, cheo de siso, coa miña carne mortal enteira, cos meus cinco sentidos corporais, coas tres potencias da miña alma, escollín a condenación. Teño xa medio corpo mergullado no inferno, dun instante a outro, o meu pai adoptivo de aló embaixo turrará por min, e abur!... Non me atalles máis se queres que che responda as preguntas. A miña terra era para min un nó de silencio na gorxa, unha mortalla no corpo, e uns grillóns nos pés e nas mans. Ademais, aqueles homes queren ser, e eu quero o non ser; aqueles homes soñan e fan unha patria, e eu son o home que non se quixo axeonllar diante da súa nai morta.

Dixen eu:

— Tamén por esta banda hai moitos coma ti.

Dixo el:

— Ben sei. Xa non precisas que che explique a túa terceira pregunta.

Ditas estas verbas, seguimos os dous en silencio até o cabo sa rúa Sonorosa de tan calada. Despois pola Conga, a Quintana, as Praterías, a Praza do Hospital – Montero Ríos estaba o día aquel invisíbel – e por debaixo do arco, de novo á Azabachería, e un pedazo polos soportais que dan riba do patín da Catedral.

Stephen volveu falar:

— Non sei, mais semella que eu sinto, andando por estas rúas, algo que camiña cara ao non ser. Que soño é o que envolve estas pedras?... Aquí atopei xente que non soña, e coido que non lles vai mal. Non levan vento na cabeza, discorren demasiado ben, pódese falar con eles, porque ao mesmo tempo tampouco se paxman de nada.

Dixen eu:

— Eses son os que che simpatizan?

Dixo Stephen:

— Non che me fan mal, déixame acougar. Pode un morrer tranquilo entre eles.

Dixen eu:

— Moito lles queres...

Dixo Stephen:

— Por iso que dixeches antes é polo que eu, fuxindo dos homes da miña terra, veño aquí procurar os homes da miña raza. Olla: alá, na miña terra, os meus irmáns camiñan cara ao ser. Aquí todo camiña cara ao non ser, pola vontade e pola industria destes meus irmáns de aquí. Estes son os meus. Veño aquí gozarme no suicidio da miña raza. Por iso, porque aquí todo corre á perdición, quero vir aquí morrer, vivindo entre os mortos os meus días derradeiros. A deles, que xa non son de aquí, é a miña patria verdadeira.

Dixen eu:

— Será patria dos sen patria.

Dixo Stephen:

— A miña patria é a patria dos sen patria.

Er sagte:

„Vergleich mich nicht mit jenem armen Mann, der es Léon Bloy zufolge nicht verdiente, in die Hölle zu fahren. Ich bin etwas anderes: Aus freiem Willen, in vollem Bewusstsein, bei klarem Verstand, mit meinem gesamten sterblichen Fleisch, meinen fünf körperlichen Sinnen und den drei Seelenkräften habe ich die Verdammnis gewählt. Mein halber Körper ist bereits in der Hölle versunken; jeden Augenblick wird mein Adoptivvater von dort unten an mir ziehen, und dann Adieu!... Unterbrich mich nicht mehr, wenn ich deine Fragen beantworten soll. Mein Land schnürt mir die Kehle zu und bringt mich zum Schweigen, bedeckt meinen Körper mit einem Leichentuch und fesselt mir Hände und Füße. Außerdem wollen die Menschen dort Sein und ich will Nichtsein; die Menschen dort träumen und errichten ein Vaterland, und ich bin der Mann, der nicht vor seiner toten Mutter niederknien wollte.“

Ich sagte:

„Auch hier gibt es viele wie dich.“

Er sagte:

„Ich weiß. Deine dritte Frage muss ich dir daher nicht mehr beantworten.“

Nach diesen Worten gingen wir beide schweigend weiter bis ans Ende der still tönenden Straße. Dann weiter durch die Rúa da Conga, über die Praza da Quintana, die Praza de Platerías, Praza do Hospital – Montero Ríos war an jenem Tag unsichtbar – und unter dem Bogen hindurch erneut in die Rúa da Azabachería und ein Stück unter den Arkaden oberhalb des Kathedralenvorplatzes entlang.

Stephen Dedalus sprach weiter:

„Ich weiß nicht recht, aber mir scheint, als spürte ich beim Gang durch diese Straßen etwas, das auf das Nichtsein hinführt. Welcher Traum ist es, der diese Steine einhüllt?... Hier bin ich Leuten begegnet, die nicht träumen, und ich glaube, es geht ihnen nicht schlecht damit. Sie haben keine Flausen im Kopf, denken mehr als gut, man kann mit ihnen sprechen, weil sie sich gleichzeitig über nichts wundern.“

Ich sagte:

„Sind sie dir sympathisch?“

Stephen sagte:

„Sie sind mir nicht übel gesonnen, sie besänftigen mich. Zwischen ihnen kann man beruhigt sterben.“

Ich sagte:

„Du magst sie sehr...“

Stephen sagte:

„Das, was du vorhin gesagt hast, ist der Grund, weshalb ich, der ich die Menschen meines Landes fliehe, hierherkomme auf der Suche nach den Menschen meines Volkes. Weißt du: Dort, in meinem Land, sind meine Brüder unterwegs zum Sein. Hier ist alles unterwegs zum Nichtsein, durch den Willen und die Anstrengung meiner hiesigen Brüder. Dies sind die Meinen. Ich bin hergekommen, um mich am Selbstmord meines Volkes zu ergötzen. Weil hier alles auf das Verderben zuläuft, will ich hier sterben und meine letzten Tage unter Toten leben. Mein wahres Vaterland ist das Vaterland derjenigen, die nicht mehr von hier sind.“

Ich sagte:

„Also das Vaterland derer ohne Vaterland.“

Stephen sagte:

„Mein Vaterland ist das Vaterland derer ohne Vaterland.“

Dixen eu:

— Os sen patria non son dignos de amor.

Stephen Dédalus quixo que fose tomar café na súa compañía no Quiqui Bar.

Dixen eu:

— Por que nese café precisamente?

Dixo Stephen:

— Por que é dunha arquitectura odiosa.

Dixen eu:

— Vulgar, nada máis.

Dixo Stephen:

— Non hai tal. Aquela arquitectura realiza bastante ben a contra-estética.

Dixen eu:

— Que entendes por contra-estética?

Dixo Stephen:

— Cómpre distinguir entre contra-estética e an-estética. A primeira, inconsciente e involuntaria, é un fenómeno universal nos nosos días: está nas mans de calquera que teña cartos, coma calquera ditador oriental, chámese Mustafá Kemal ou Amanullah. A segunda non pode ser abranguida máis que por naturezas xeniais, coma Le Corbusier: esas casas que fai le Corbusier, que semellan cómodas cos caixóns abertos, son a an-estética realizada na arquitectura. Unha e outra opóñense á beleza: a an-estética suprime a, a contra-estética derrámaa. É o caso do Quiqui Bar... Tamén me gusta unha casa que hai no Preguntoiro e algunhas outras máis.

Dixen eu:

— A beleza é cousa que vén de Deus.

Dixo Stephen:

— Por iso hoxe os homes quéréna desbotar de todo... Mais imos á Catedral. Eu gozo correndo risco, por iso ando sempre ao redor da pía de auga bendita: bebería nela de boa gana, coma o cabalo de Almanzor... Se non estivera chea de microbios...

Dixen eu:

— Mais o demo gózase no podre e na porcallada.

Dixo Stephen:

— Tamén iso era noutro tempo. O demo agora fíxose moi pulcro. Velaquí a verba.

Dixen eu:

— Esa verba emprégana aquí todos os filósofos.

Dixo Stephen:

— Ben sei. Mais esa verba de cuarto de baño, que evoca a billa, o *water-closet*, o irrigador, o *bidet* e a bobina de papel, vénlles do materialismo práctico. Tocante ao podre, o demo non o pode amar, porque é a descomposición da materia, e ademais porque, por unha beira, o podre produce unha nova vida, e por outra, porque nela, como no sufrimento, a materia espiritualízase: é o caso tan coñecido do Cristo de Grünwald e do cadro de Valdés Leal no Hospital da Misericordia de Sevilla...

Ich sagte:

„Die ohne Vaterland sind der Liebe nicht würdig.“

Stephen Dedalus lud mich ein, mit ihm in der Quiqui-Bar Kaffee zu trinken.

Ich fragte:

„Warum ausgerechnet in diesem Café?“

Stephen sagte:

„Weil die Architektur grauenhaft ist.“

Ich sagte:

„Vulgär, nichts weiter.“

Stephen sagte:

„Das stimmt nicht. Seine Architektur verkörpert ziemlich gut die Gegenästhetik.“

Ich fragte:

„Was verstehst du unter Gegenästhetik?“

Stephen sagte:

„Man muss zwischen Gegenästhetik und Anästhetik unterscheiden. Erstere ist unbewusst und unwillentlich, ein weit verbreitetes Phänomen unserer Tage: Sie liegt in Händen all jener, die Geld haben, wie jeder beliebige orientalische Diktator, möge er nun Mustafa Kemal heißen oder Aman Ullah. Letztere gelingt nur genialen Geistern wie Le Corbusier. Die Häuser, die Le Corbusier entwirft und die aussehen wie Kommoden mit offenen Schubladen, sind die Anästhetik, die sich in der Architektur verkörpert. Die eine wie die andere widersetzen sich der Schönheit: Die Anästhetik unterdrückt sie, die Gegenästhetik verschwendet sie. Dies ist der Fall bei der Quiqui-Bar... Auch ein Haus in der Rúa do Preguntoiro gefällt mir und noch einige andere.“

Ich sagte:

„Die Schönheit kommt von Gott.“

Stephen sagte:

„Deshalb wollen die Menschen sie heutzutage vollkommen abschaffen... Aber lass uns die Kathedrale besuchen. Es gefällt mir, Risiken einzugehen, deshalb umkreise ich immer das Weihwasserbecken: Ich würde liebend gerne daraus trinken wie Almansors Pferd... Wenn es nicht voller Mikroben wäre...“

Ich sagte:

„Der Teufel fühlt sich aber in der Fäulnis und im Unrat wohl.“

Stephen sagte:

„Das war auch früher. Inzwischen ist der Teufel sehr reinlich. Das ist das richtige Wort.“

Ich sagte:

„Dieses Wort verwenden hier alle Philosophen.“

Stephen sagte:

„Ich weiß. Aber dieses Badezimmerwort, das an Wasserhahn denken lässt, an Toilette, Spülapparat, Bidet und die Rolle mit Toilettenpapier, kommt vom praktischen Materialismus her. Was die Fäulnis angeht, kann der Teufel sie gar nicht mögen, weil sie die Zersetzung von Materie ist und weil die Fäulnis außerdem einerseits neues Leben produziert und sich in ihr andererseits wie im Leid die Materie vergeistigt. Das ist der allseits bekannte Fall von Grünewalds Christusdarstellung oder des Gemäldes von Valdés Leal im Hospital de la Caridad in Sevilla...“

Cruzabamos o patín da Azabachería. Entramos na Catedral, demos a volta polo Pórtico da Gloria, sen ollar Stephen tan sequera para as figuras. Soamente voltándose cara á banda da Epístola e ollando a parede lisa, dixo:

— Este é o lugar do San Cristovo. Aquí non o hai; vós, en troques, tédelo en Ourense. Dín que o San Cristovo tiña cara de can; o que me ha de levar a min ten cara de coello...

Andamos cara á cabeceira e entramos no deambulatorio. A portíña por onde un baixa cara ao sepulcro estaba aberta, e baixamos os dous. Diante da arca de prata, as luces arden-do quedas e inmóviles, que aluman sen que se sintan arder, semellan lámpadas perpetuas. Stephen enmudeceu á entrada, e púxose branco coma papel. Coa voz tremente e baixa, dixo axiña:

— Non. Imos, imos de aquí. Pronto.

Sáímos, e cando se repuxo, dixo:

— Non podó estar embaixo. Alí hai algo; de alí sae unha forza que non podó aturar.

Dixen eu:

— Séntese a eternidade do Espírito e a eternidade da Terra. Olla logo que non importan canto fagan os desleigados, porque non han poder suprimir o que é eterno na mente de Deus. A Terra é eterna na lembranza, e a alma é da natureza da lembranza que é a súa esencia, e o lugar da lembranza é o Entendemento divino, realidade das realidades. Aí embaixo temos a promesa de que a lembranza ha reencarnar, e tanto ten que as almas de hoxe estean esquecidas, porque esas almas non han de estar sempre neste mundo, e outras han vir, e algunhas xa están aquí, anunciando os tempos. E os tempos han pasar, e se cadra aínda antes que morras has ver o trabucamento e o erro no teu camiño.

Daquela xa se repuxera Stephen, e respondeu:

— O meu camiño está escolleito dunha vez para sempre. Tanto ten que sexa bo coma ruín. Se é unha cousa ou outra, nin ti o sabes, nin eu tampouco. Para calquera lado que me leve, hei ir sen remordemento. O que che digo de certo é que aí embaixo non hai máis que unha cova onde toda lembranza e toda esperanza fican soterradas para sempre. Por iso, aínda que fuxo dela, eu amo esa cova, e desde aquí písoa cos meus pés.

Dixen eu:

— Aínda que así fora, esqueces a resurrección da carne e a restauración que ha vir de todas as cousas no terceiro Reino: a Apocatástase.

Dixo el:

— Iso cheira a doutrina platónica. E mais ti dixeches unha vez que nós non podíamos comprender a Platón.

Dixen eu:

— Mais podemos comprender a San Agostiño.

Dixo el:

— O que eu digo é que o terceiro Reino ha ser o do Anticristo.

Dixen eu:

— Ese non é un convencemento, senón un desexo. Eu comprendo ben que o que escolleu o inferno queira que todos vaian a el, que é o que quere Satanás.

Wir überquerten den Vorplatz unterhalb der Rúa da Azabachería und betraten die Kathedrale. Dort drehten wir eine Runde durch den Pórtico da Gloria, aber Stephen würdigte die Figuren keines Blickes. Er wandte sich nur der Epistelseite zu, betrachtete die glatte Wand und sagte:

„Das ist der Platz des heiligen Christophorus. Hier ist er nicht; bei euch in Ourense dagegen gibt es ihn. Es heißt, der heilige Christophorus habe ein Hundegesicht; der, der mich holen kommt, hat ein Hasengesicht...“

Wir gingen auf den Hauptaltar zu und betraten den Chorumgang. Die kleine Tür, durch die man zum Grab hinabsteigt, war offen und wir gingen beide hinab. Vor dem silbernen Sarg stille, unbewegliche Lichter, die leuchten, ohne dass zu erkennen ist, dass sie brennen, wie ewige Lichter. Als wir eintraten, verstummte Stephen und wurde kreidebleich. Mit zitternder, leiser Stimme sagte er gleich darauf:

„Nein. Gehen wir, gehen wir weg von hier. Sofort.“

Wir verließen die Krypta, und als er sich erholt hatte, sagte er:

„Ich kann nicht dort unten sein. Da ist etwas; von dort steigt eine Kraft auf, die ich nicht ertragen kann.“

Ich sagte:

„Man spürt die Ewigkeit des Geistes und die Ewigkeit der Erde. Du siehst also, dass es keine Rolle spielt, was die Abtrünnigen tun, denn sie werden nicht das Ewige in Gottes Geist unterdrücken. Die Erde ist ewig in der Erinnerung und die Seele gehört zur Natur der Erinnerung, die ihr Wesen ist, und der Ort der Erinnerung ist das göttliche Verständnis, die Wahrheit aller Wahrheiten. Dort unten liegt das Versprechen, dass die Erinnerung wiedergeboren wird, und es ist unerheblich, dass die Seelen von heute vergessen haben, weil diese Seelen nicht ewig in dieser Welt sein werden, es werden andere kommen und einige sind bereits hier und kündigen die Zeiten an. Und deine Zeit wird vorübergehen und vielleicht wirst du noch vor deinem Tod den Irrtum und den Fehler auf deinem Weg erkennen.“

Inzwischen hatte sich Stephen wieder erholt und erwiderte:

„Mein Weg ist ein für alle Mal gewählt. Unabhängig davon, ob er gut oder schlecht ist. Ob das eine oder das andere richtig ist, weißt du nicht und ich ebenso wenig. Egal, wo er hinführt, ich gehe ohne Reue. Was ich dir mit Sicherheit sagen kann, ist, dass dort unten nichts weiter ist als eine Gruft, in der jede Erinnerung und jede Hoffnung für immer begraben liegen. Deshalb liebe ich diese Gruft, obwohl ich sie fliehe, und von hier aus trete ich sie mit Füßen.“

Ich sagte:

„Selbst wenn dem so wäre, vergisst du die Auferstehung des Fleisches und die Wiederherstellung aller Dinge im dritten Königreich: die Apokatastasis.“

Er sagte:

„Das klingt nach platonischer Lehre. Und du hast einmal gesagt, dass wir Platon nicht verstehen könnten.“

Ich sagte:

„Aber wir können den heiligen Augustinus verstehen.“

Er sagte:

„Ich sage, dass das dritte Königreich das des Antichrist sein wird.“

Ich sagte:

„Das ist keine Überzeugung, sondern Wunschdenken. Ich kann verstehen, dass der, der die Hölle gewählt hat, will, dass alle dorthin gehen. Das will auch Satan.“

Dixo el:

— Quere, mais é por amor. Satanás ama os homes con amor infinito, e quere que todos sexan para el. As penas do inferno son os espasmos do amor sádico de Satanás. De que un empeza a servilo, xa comeza a sufrir, porque Satanás é unha fonte sen fin de amor que dá sempre sen esgotarse, e como non ten máis que dor, soamente dá dor. Eu que me entreguei a el sen pauto, por libre doazón graciosa do meu ser, non por iso fiquei sen paga: levo comigo o seu don; deume o desacougo para sempre. O que eu comecei a sentir cando aínda era un santo na Illa dos Santos e que me leva polo mundo fuxindo da lembranza que vén decote comigo como unha fada, punxente no corazón como aquel cravo que levaba Rosalía... Teño medo que esta lembranza non me deixe entrar no inferno, coma o hábito dos empanados, quixera deitar fóra todo o meu sangue, toda a substancia das miñas células... Coñezo un crego, preto do Ferrol, que estudou as ciencias ocultas. Quizais el, polo poder da máxica preta liberal que todo fai, poida evocar o vampiro que deixe o meu corpo resequido como a momia daquel Faraón que pagou na alfándega inglesa coma peixe seco, segundo refiren Eça de Queiroz e Dimitri Merejowski; mais pouco importa, porque non hai un átomo no meu corpo que non sexa substancia gaélica... E despois de todo, se non houbera inferno? E que máis terá que o inferno estea no centro da terra que que estea aquí?

Despois bateu cunha man na columna, e dixo:

— A pedra de gran é ben dura, ben apertada, resiste ben. Semella que para ela non hai tempo. O tempo que rilla, que desfai e esfarela. O outro todo é doado nesta terra; mais non haberá no mundo quen queira facer o gasto preciso para destruír estas pedras a poder de dinamita. Cantas toneladas farían falla? Semella isto unha revolta da materia contra Satanás. Velaquí outro punto difícil que me preocupa.

Dixen eu:

— Antes desfarás a pedra gran a gran, que mates o espírito que vive nela e a mantén ergueita. Bota abaixo todas estas torres e todas estas columnas: o espírito volverá erguer outras tantas; queima todos os libros; o espírito volverá facer outros novos. E contra o espírito nada pode Satanás.

Dixo el:

— Contra o espírito combate o espírito. Satanás é unha parte do espírito revoltada contra do espírito todo.

Dixen eu:

— Ese esforzo de negación e de revolta está fadado a perderse no propio baleiro que anda a procurar.

Dixo el:

— Niso está o seu triunfo.

Dixen eu:

— E niso está a fundeza da paz derradeira.

Daquela Stephen Dédalus e mais eu fixemos as paces. Stephen mergullou os dedos na pía de auga bendita e ofreceuma, e eu fixen o sinal da Cruz.

Podere que alguén dea como apócrifas estas declaracións de Stephen Dédalus. El non as ha negar, porque aínda que todos sexamos hipócritas neste mundo cando falamos de nós

Er sagte:

„Ja, aber aus Liebe. Satan liebt die Menschen unendlich und will sie alle für sich. Die Höllenqualen sind die Zuckungen von Satans sadistischer Liebe. Wenn man beginnt ihm zu dienen, fängt man vom ersten Augenblick an zu leiden, denn Satan ist eine unerschöpfliche Quelle der Liebe, die gibt, ohne zu versiegen, und weil er nichts weiter hat als Schmerz, gibt er nur Schmerz. Obwohl ich mich ihm ohne Pakt verschrieben habe, durch die freiwillige, gnädige Hingabe meines Seins, bin ich doch nicht ohne Lohn geblieben: Ich trage seine Gabe bei mir; er hat mir die ewige Unruhe geschenkt. Die ich zu spüren begann, als ich noch ein Heiliger auf der Insel der Heiligen war, und die mich durch die Welt führt auf der Flucht vor der Erinnerung, die mich stetig begleitet wie eine Fee und sich in mein Herz bohrt wie jener Nagel Rosalías... Ich habe Angst, dass mir diese Erinnerung den Zutritt zur Hölle verwehrt wie das Kleid der ins Leichentuch Gehüllten; am liebsten würde ich mein ganzes Blut vergießen, die gesamte Substanz meiner Zellen... Ich kenne einen Priester in der Nähe von Ferrol, der Okkultismus studiert hat. Vielleicht kann er durch die Kraft der schwarzen liberalen Magie, die alles möglich macht, den Vampir heraufbeschwören, der meinen Körper austrocknet wie die Mumie jenes Pharaos, der laut Eça de Queiroz und Dmitri Mereschkowski an der englischen Grenze als Trockenfisch deklariert wurde; aber es kommt nicht darauf an, denn es gibt kein Atom in meinem Körper, das nicht von gälischer Substanz ist... Und wenn die Hölle doch nicht existiert? Und was für eine Rolle spielt es, ob die Hölle im Zentrum der Erde ist oder hier?“

Dann schlug er mit einer Hand gegen die Säule und sagte:

„Granit ist ein sehr harter Stein, sehr fest und beständig. Die Zeit scheint ihm nichts anzuhaben. Die nagende, vertilgende, vernichtende Zeit. Alles andere ist leicht auf dieser Erde; aber niemand in der ganzen Welt wäre bereit, dafür aufzukommen, diese Steine in die Luft zu sprengen. Wie viele Tonnen Dynamit wären dafür nötig? Das hier scheint eine Revolte der Materie gegen Satan zu sein. Das ist ein weiteres Problem, das mir Sorgen macht.“

Ich sagte:

„Eher zerlegst du den Stein Körnchen für Körnchen, als dass du den Geist tötest, der in ihm wohnt und ihn aufrecht hält. Reiß all diese Türme und diese Säulen ein und der Geist wird wiederkehren und andere errichten; verbrenne alle Bücher, der Geist wird neue schaffen. Und gegen den Geist kann Satan nichts ausrichten.“

Er sagte:

„Der Geist kämpft gegen den Geist. Satan ist ein Teil des Geistes, der sich gegen den Geist als Ganzes auflehnt.“

Ich sagte:

„Diese Anstrengung der Negation und der Auflehnung ist dazu bestimmt, in genau der Leere zu verschwinden, die sie sucht.“

Er sagte:

„Darin liegt ihr Triumph.“

Ich sagte:

„Und darin liegt das Fundament ewigen Friedens.“

Da versöhnten Stephen Dedalus und ich uns. Stephen tauchte die Finger in das Weihwasserbecken und bot mir von dem Wasser an. Ich bekreuzigte mich.

Möglicherweise halten einige diese Äußerungen von Stephen Dedalus für erfunden. Er wird sie nicht abstreiten, denn auch, wenn wir alle Heuchler auf dieser Welt sind, sobald wir über uns selbst sprechen,

mesmos, Stephen Dédalus non debe ser hipócrita, se non quere deixar de ser soberbio. Tocante aos demais, eu non respondo da autenticidade empírica destas declaracións; respondo da súa absoluta necesidade metafísica. Non hai máis que xuntar o que sabemos de Stephen, para deducirmos loxicamente con seguranza crítica todas e cada unha das verbas que neste escrito lle son apostas. Ademais, eu non son tampouco culpábel de ter lido de cabo a rabo o *Portrait of the Artist as a young man*, que o mesmo Dédalus me obrigou a mercar aquel día na tenda de libros da Rúa Nova. Pode tamén que Stephen Dédalus falara doutro xeito en Dublín ou en Zurich; en Compostela é seguro que falou como eu digo, e non podería falar doutra sorte, sen deixar de ser el quen é segundo o *Portrait*, e sen deixar de ser o que é Compostela segundo a verdade.

Tamén é certo que polas circunstancias especiais da miña vida – o anecdótico – eu tiña por forza o día aquel que atopar a Stephen Dédalus; e que se dixeran ao comezo que a presenza del collera realidade no terceiro mundo interior, o que iso quere dicir é que foi nese mundo onde eu o *percibín*, non que, fóra do meu ser, non fose a súa unha presenza real en corpo e pensamento, en carne e óso, o cal ben puido acontecer, embora tampouco eu poida asegurar a realidade empírica do feito.

E despois de todo, se cadra, pode que non sexa tan fero coma el se quere pintar...

(1929)

darf Stephen Dedalus kein Heuchler sein, sofern er weiterhin hochmütig sein will. Was die Übrigen angeht, verbürge ich mich nicht für die empirische Authentizität dieser Äußerungen; aber ich verbürge mich für ihre absolute metaphysische Notwendigkeit. Es genügt, all das zusammenzutragen, was wir von Stephen wissen, um mit kritischer Sicherheit jedes einzelne Wort, das ihm in diesen Zeilen zugeschrieben wird, logisch herleiten zu können. Ich trage schließlich auch nicht die Verantwortung dafür, *A Portrait of the Artist as a Young Man* von vorne bis hinten gelesen zu haben, das mich Dedalus selbst an jenem Tag in der Buchhandlung in der Rúa Nova kaufen ließ. Es ist auch möglich, dass Stephen Dedalus in Dublin oder Zürich anders sprechen würde; in Compostela spräche er sicherlich so, wie ich es sage, und könnte auch gar nicht anders sprechen, ohne aufzuhören, der zu sein, der er laut *A Portrait* ist, und ohne dass Compostela aufhört, so zu sein, wie es in Wirklichkeit ist.

Es ist auch richtig, dass ich aufgrund der besonderen Umstände meines Lebens – das vom Anekdotischen geprägt ist – an jenem Tag zwangsläufig auf Stephen Dedalus treffen musste; und wenn ich anfangs gesagt habe, dass seine Anwesenheit in der dritten Innenwelt Gestalt annahm, heißt das, dass ich ihn in jener Welt wahrgenommen habe, es heißt aber nicht, dass er außerhalb meines Wesens nicht reale Gestalt in Körper und Gedanken, in Fleisch und Blut angenommen hat, was gut möglich ist, auch wenn ich nicht verbürgen kann, dass es sich wirklich so zugetragen hat.

Und schließlich kann es ja auch sein, dass er vielleicht gar nicht so wüst ist, wie er sich selbst gerne darstellt...

(1929)



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



CONCELLO DE OURENSE



DEPUTACIÓN DE LUGO | TURISMO
VICEPRESIDENCIA TERCEIRA





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

